



Desempate en Ucraína

Descrición



Unha transacción podería arbitrarse se Yanukovich (esquerda) rexeita aos deputados que están abandonando a Yushchenko (dereita) e renuncia a formar unha maioría cualificada. Nese caso, o decreto podería ser revogado ou complementado coa convocatoria de parlamentarias e presidenciais simultáneas.

A crise está servida en Kiev. O presidente Viktor Yushchenko ordenou a disolución do Parlamento e convocou eleccións anticipadas para o 27 de maio. Pero o primeiro ministro, Viktor Yanukovich, dixo que o goberno non se porá a preparar as eleccións ata que se pronuncie o Tribunal Constitucional sobre a legalidade do decreto presidencial. O presidente deste último, Iván Dombrovski, nomeado en agosto de 2006, amaga con presentar a dimisión por mor das presións recibidas. No Parlamento e na rúa fálase de golpe de estado encuberto, promovido polos intereses occidentais.

Estamos ante un novo episodio dunha encarnizada loita polo poder que progresivamente viña laminando aos partidarios de Yushchenko. Se non é quen de impoñer o decreto, os seus días están contados. E a maioría da Cámara está en contra. A influencia parlamentaria de Yanukovich non para de aumentar e pouco lle falta para sumar os dous terzos precisos para bloquear totalmente ao presidente e reformar a Constitución. Esa é a razón de que Yushchenko, á desesperada, promulgase este decreto. Pero quen máis se mobiliza agora son os partidarios de Yanukovich, que xa tomaron o centro da capital.

A división no campo de Yushchenko e a habilidade de Yanukovich bloquearon totalmente o rumbo prooccidental que Ucraína semellaba tomar hai un par de anos. A cohabitación das elites prorusas e prooccidentais freaba as reformas e a reorientación da estratexia do país. Yanukovich quería celebrar un referendo sobre a eventual entrada de Ucraína na OTAN, á que se opón, segundo a maioría das enquisas, a maior parte dos cidadáns. Para resolver o actual empate, ademais, Yushchenko intentou gañarse o favor de Moscova, buscando o apoio de Putin.

A crise presenta dúas vías de solución: ou na rúa ou nas institucións. O Exército apoia ao presidente, aínda que non é seguro que controle as forzas armadas na súa totalidade. O servizo de seguridade depende de Yushchenko, pero as tropas de Interior subordínanse a Yanukovich. O titular de Defensa, o civil Gritsenko, goza dunha autoridade relativa en medios castrenses. O Tribunal Constitucional ven apoiando a Yushchenko de forma reiterada. Unha transacción podería arbitrarse se Yanukovich rexeita aos deputados que están abandonando a Yushchenko e renuncia a formar unha maioría cualificada. Nese caso, o decreto podería ser revogado ou complementado coa convocatoria de parlamentarias e presidenciais simultáneas.

Yushchenko ten serios problemas para compartir o poder, con independencia de que o seu rival sexa aliado (Iulia Timoshenko) ou non. Goberno e Parlamento seguen funcionando pero para "países" distintos. O pulso vai para largo e a confrontación non terá unha rápida solución.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Data de creación

Abril 9, 2007

Metacampos

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2007-04-09 00:00:00